

7 DE XULLO

**Idade recomendada;
Todos os públicos.**

**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**

UM BELO DÍA DE DULCE DUCA

ENTRADA LIBRE



Dulce Duca incorpora ao malabar, a manipulación e os equilibrios de mazas cunha linguaxe corporal única e impactante, transmitindo emocións nunha peza que integra e intriga ao público de todas as idades. Um belo día é unha peza de circo onírica, metafórica e surrealista expresada a través do teatro físico, a danza, a manipulación e o equilibrio de obxectos. Con música orixinal e tocada en directo.

14 DE XULLO

**Idade recomendada;
A partir de 4 anos.**

**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**

FUERA DE STOCK DE SERENDIPIA PRODUCCIONES

PREMIO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE SETÚBAL 2020

Fuera de stock fala de soños, de esperanzas, de ilusións, da vida, da túa vida, de vivila, de xogo... Unha oficina, un almacén, unha fábrica... Traballo, expedientes, ingresos, gastos, balances, inventarios, beneficios, perdas... Traballar para vivir? Vivir para traballar? Ónde quedo eu? ¿Quen son nesta engranaxe? Un espectáculo sobre o traballo, as persoas e a súa relación, cheo de anhelos e desexos. Contado en clave de circo a través dos malabares, a acrobacia, un mástil e moitos soños.



ENTRADA LIBRE

21 DE XULLO

**Idade recomendada;
A partir de 4 anos.**

**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**



POI DE CIA D'ES TRO

Unha personaxe atrapada dende a infancia polo efecto xiroscópico da súa buxaina. Unha viaxe de enredos e xiros que nos transporta ao xogo, un dos estados máis importantes da vida. Fusionar as artes do circo co popular xogo da buxaina e as raíces da cultura mediterránea é o principal obxectivo deste espectáculo de carácter contemporáneo.

POI responde a unha busca física de malabares e manipulación, pero tamén a unha investigación artesá ao respecto da construción de buxainas que o propio artista diseña e constrúe. Esta exploración de diferentes tipos de madeiras, formas e puntas de apoio permitíronlle a creación de buxainas persoais e especiais como por exemplo unha das buxainas máis grandes do mundo lanzada por unha soa persoa cun peso de 45 kg que o propio artista lanza cunha corda de máis de 15 metros.

ENTRADA LIBRE



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua



28 DE XULLO

Idade recomendada;
Todos os públicos.

SIN REMITE DE JEAN PHILIPPE KIKOLAS

Un espectáculo de circo teatro e humor xestual. Unha personaxe sen palabras, que esperta un aire de nostalxia. Un xogo coa escena, os obxectos e o público. Con esta premisa de xogo preséntase "Sin remite" para introducirnos no seu particular mundo e achegarnos a un oficio que cada vez parece máis lonxano no tempo.

**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**

ENTRADA LIBRE

4 DE AGOSTO

Idade recomendada;
A partir de 3 anos.

ESENCIAL DE VAIVÉN CIRCO

PREMIO PACA 2019 MELLOR ESPECTÁCULO DE CIRCO TROUPE E MELLOR COMPOSICIÓN MUSICAL

Esencial é un espectáculo que fala de transicións. Cinco personaxes que xogan, que soñan, unha viaxe de aventuras que nos levará a lugares recónditos nos que a decisión vital será tomar o camiño máis simple. Cunha posta en escena inspirada no "Arcoíris de Waldorf", Vaivén Circo tráenos un xoguete composto por pilares e arcos, unha escenografía con tintes poéticos, idónea para crear un ambiente máxico no que traballar co equilibrio, con finas diferenzas que poden propiciar que se pase do caos á harmonía nuns segundos.



**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**

ENTRADA LIBRE

11 DE AGOSTO

Idade recomendada;
A partir de 3 anos.

BACK 2 CLASSICS DE PLANETA TRAMPOLI



Planeta Trampolí propón un espectáculo de cama elástica fresco, cercano e íntimo para toda a familia onde o circo máis clásico fúndese coa cultura urbana a través do baile, a música e a arte do "Turntablism" (scratch con vinilos). Unha proposta onde a cama elástica toma vida propia entre as loucuras e acrobacias do seu protagonista. Unha viaxe ao pasado que máis nos namora, cheo de humor, poesía, ritmo e carambolas que cambiarán o concepto que temos da cama elástica.

So na habitación. Dous tocadiscos capaces de exprimir o son de calquer obxeto e un montón de ritmos para explorar. Ninguén mira, é o momento de perder a vergonza e sentir a liberdade de ser un mesmo. Deixar de ter os pes no chan ... ou mellor aínda! Cambalearmos todos cos nosos pasos. Devir todo aquilo que cobizamos e disfrutar do que parece prohibido cando nos miran. Relar discos de vinilo, rompelos e facelos voar, afundir o somier da cama, cantar a pleno pulmón e bailar ata a extenuación. Máis ritmo, máis acción, máis emoción ... Máis de todo! I-i-isto é ba-ba-bo-back 2 Classiiiiics!

**PRAZA MAIOR
AS 18 HORAS**

ENTRADA LIBRE



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua